

Informe sobre o parque eólico Meirama-76

Código C03.02981

Nº Expte: IN 408A/2020/76

I. ANTECEDENTES, PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO E EsIA

O presente informe responde á solicitude do Servizo de Enerxía e Minas con data 26/10/22 sobre o Proxecto de Interese Autonómico e o Estudo de Impacto Ambiental do parque eólico Meirama-76 promovido por *GREEN STONE RENEWABLE IV SL*. A poligonal do parque abarca unhas 2099 hectáreas e afecta a terreos pertencentes aos concellos de A Laracha e Cerceda. As coordenadas dos seus vértices xunto coas dos aeroxeradores máis a torre meteorolóxica son as seguintes:

Vértice	UTM-X	UTM-Y
1	541 024,89	4 781 322,71
2	536 859,35	4 783 918,93
3	537 746,14	4 785 248,56
4	539 431,62	4 785 111,04
5	540 413,70	4 786 382,61
6	542 501,92	4 785 903,99
7	543 652,9	4 784 611,99

Coordenadas UTM ETRS89 Fuso 29

Aerox.	UTM-X	UTM-Y	Concello
ME-01	542 024	4 784 182	A Laracha
ME-02	540 473	4 783 843	A Laracha
ME-03	540 847	4 783 279	Cerceda
ME-04	539 123	4 783 455	A Laracha
ME-05	539 850	4 782 935	Cerceda
ME-06	540 693	4 783 553	A Laracha
TM	540 744	4 783 432	A Laracha

O parque proxectado contará con seis aeroxeradores do tipo Vestas V136, dous de 3,6 MW de potencia unitaria e catro de 3,45 MW. Todos teñen 136 metros de diámetro do voo. A potencia total instalada é de 21 MW. O parque tamén contará cunha torre meteorolóxica de 130 metros.

Os aeroxeradores estarán conectados co centro de control e seccionamento por medio dunha rede subterránea de 30 kV. A lonxitude das gabias será duns 6713 metros. A enerxía producida polo parque evacuarase a través dunha LAT duns 11 957 metros de lonxitude ata a subestación Meirama 30/220 kV (IN408A 2018/27). A liña de evacuación consta de



dous tramos aéreos de 6759 e 5197 metros sobre un total de 73 apoios metálicos; e tres tramos soterrados de 20, 539 e 780 metros.

A implantación do parque requirirá tanto do acondicionamento das vías existentes como da execución de novas vías interiores para o acceso aos aeroxeradores máis ao centro de control e seccionamento; así como os accesos ata os apoios da LAT.

O PIA prevé a clasificación da área delimitada polo proxecto como solo rústico de especial protección de infraestruturas. As limitacións de uso que figuran no devandito documento con respecto ás plantacións forestais e a xestión da biomasa son as recollidas no artigo 20 bis da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

II. ESTADO FORESTAL

O Servizo de Montes solicitou ao Distrito Forestal II e III información sobre as posibles afeccións ao medio forestal derivadas da execución deste proxecto. Do estudo da documentación aportada e dos datos que obran neste Servizo se resume o seguinte:

1. Os montes sobre os que se sitúan os elementos da infraestrutura son de propiedade privada de particulares, sin que resulten afectados montes veciñais en man común nin montes públicos patrimoniais ou demaniais.
2. Dentro do ámbito forestal predominan as masas artificiais de *Eucalyptus* spp. e *Pinus* spp., ademais de matogueiras, masas mixtas e pequenas masas de frondosas autóctonas e de ribeira.
3. O proxecto non afectará a masas consolidadas de frondosas autóctonas nin a árbores senlleiras.
4. Non se verán afectadas as infraestruturas forestais agás as pistas situadas na área delimitada polo proxecto.



5. Os concellos de A Laracha e Cerceda están clasificados como zona de alto risco de incendio segundo a Orde de 18 de abril de 2017, pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.

III. INFORME

A instalación do parque eólico Meirama-76 e a súa infraestrutura de evacuación, no ámbito forestal afectará exclusivamente a montes privados de particulares. A execución do proxecto suporá a corta do arborado na área de afección, principalmente masas produtoras de piñeiro e eucalipto, polo que haberá que ter en conta o establecido no Decreto 73/2020 do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos nos montes ou terreos forestais de xestión privada.

Como consecuencia da aplicación da normativa relativa aos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, o proxecto de interese autonómico supón a modificación do planeamento municipal, declarando as superficies afectadas polos elementos do parque eólico e as súas servidumes como solo rústico de protección de infraestruturas. Consonte o artigo 34.4 da Ley 2/2016 do solo de Galicia, deberían aplicarse os distintos réximes de forma complementaria conservando, no seu caso, a clasificación de solo rústico de protección forestal.

Para a determinación das afeccións haberá que ter en conta, ademais das superficies do pleno dominio e das servidumes que operen para cada elemento construtivo de acordo coa súa normativa sectorial; as superficies necesarias para o cumprimento das distancias de plantación recollidas no anexo II da Lei 7/2012, de montes de Galicia; no caso das vías, 2 metros para as especies de frondosas e 6 metros para o resto.

Tamén haberá que ter en conta a delimitación das faixas de xestión de biomasa consonte os artigos 20 e 20 bis da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia; é dicir, a xestión da biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan sectorial eólico de Galicia, ao redor de cada aeroxerador; no estrato arbustivo e subarbustivo dos camiños interiores nos 5 metros dende a súa aresta exterior; 5 metros dende o último elemento en tensión e dende os paramentos das



edificaci3ns non destinadas 3s persoas, e 50 metros nas subestaci3ns el3ctricas nas que existan edificaci3ns destinadas a albergar oficinas, almac3ns ou parque m3bil.

